

# PLANO ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

## INTRODUCCIÓN

A situación histórica da formación dos profesionais da educación física e do deporte en España estivo desconectada da institución universitaria hasta fai pouco tempo: as primeiras Facultades (Universidade de Granada e Universidade das Palmas) cumpren o seu 20 Aniversario no ano 2004 mentras que o título de licenciado é incluído no catálogo oficial, deixando de ser “homologado” en decembro do 1992.

A traxectoria do centro creado como Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) dende a súa creación en 1987 e enraizado no ámbito e institucións do deporte, orientouse progresivamente hacia a universidade ata completar o proceso que levou o INEFG á integración como un centro universitario público de pleno dereito e a creación da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Esta integración reforzou os aspectos que consideramos máis positivos, o tempo que axuda a completar con aqueles outros, procedentes da universidade, que permitan unha satisfacción máis axeitada das exixencias que plantexa unha sociedade máis complexa.

Por outro lado, no inicio do milenio, movémosnos nesta década entre o descenso de estudantes que se achegan á universidade e a tendencia converxente con Europa. As liñas de acción futura pasan por:

- A calidade, intrínseca á vontade docente do profesorado e o traballo dos estudantes.
- A mobilidade de estudantes e profesores.
- A harmonización no recoñecemento de títulos e requisitos para o exercicio profesional en Europa e o mundo.

A Institución superou a súa etapa de nacemento e as crises iniciais de desenvolvemento, pasando de 450 estudantes a 1.000, de 23 profesores a 48, dun 10% de doctores a casi un 70%; igualmente resolveu ben os seus retos do pasado máis inmediato, entre eles o máis importante e a súa su plena integración na Universidade de A Coruña.

A facultade ten a vontade de manter a súa vocación e compromiso coa sociedade a través do seu traballo docente, investigador e promotor da educación física, da saúde a través da actividade física e da práctica deportiva e o ocio dos cidadáns.

Cumprindo o ordenamento xurídico, como comunidade universitaria quere reafirmarse na súa dinámica de:

- a) A autoxestión e o autogoberno reflexivo e responsable de bens e recursos públicos.
- b) A identificación e intervención na complexidade da súa oferta docente, a investigación, as necesidades sociais e a interacción con sectores cívicos, políticos e socioeconómicos.
- c) A concienciación propia e dos poderes públicos e axentes sociais sobre a necesidade de promover e consolidar a actividade física, a educación física e o deporte como un ben e un servizo público.
- d) A formación de profesores de educación física que traballarán, nos diversos ámbitos, con obxectivos específicos e con actitude educativa.

Co ánimo e a convicción de cumprir estas intencións desenvólvese este plano estratéxico que pretende servir de guía para o mellor desenvolvemento do centro no futuro. O plano estratéxico da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física pretende establecer as bases sobre as que construír un modelo de actuacións estratéxicas cara á consecución duns obxectivos coñecidos e compartidos polo conxunto da comunidade da nosa facultade. É moi importante o compromiso de tódolos estamentos que participan no centro hacia a mellora constante e hacia a calidade dos procesos que van ter lugar no futuro.

A educación superior ven experimentando nos derradeiros anos cambios de gran transcendencia motivados por un novo entorno socioeconómico, demográfico, sociocultural, tecnolóxico e financeiro que, produxo en consecuencia, unha gran transformación nas formas de dirección, organización e xestión das políticas universitarias. O ano 2010 é un referente na construción do Espazo Europeo de Ensinanza Superior (EEES) xa que neste ano as diferentes institucións de ensino superior da Unión Europea teñen que ter satisfeitas unha serie de metas no tocante a calidade, planos de estudo, mobilidade, etc. Desexamos que a nosa facultade esté, nesa data, nunha situación privilexiada para afrontar o futuro coas suficientes garantías dentro da nosa universidade e fronte outras universidades. Isto implica que os métodos que eran válidos na universidade “antigua” hoxe en día poden presentarse como insuficientes para a súa correcta xestión.

Si estos cambios foron relevantes para a universidade en xeral non fai falta imaxinar a transcendencia que tiveron para unha universidade de nova creación como a Universidade de A Coruña e máis concretamente no noso centro, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física de recente integración (1 de xaneiro de 2004) na UDC .

Nas universidades españolas veñen desenvolvéndose diferentes técnicas de xestión das organizacións entre as que destaca a dirección e planificación estratéxica. A planificación estratéxica consolidouse como un modelo eficaz e de futuro para as universidades públicas. A planificación estratéxica debe constituír un proceso de administración que de forma sistemática e integrada presenta o futuro das decisións da institución a partir da formulación da súa misión, orientacións, metas, obxectivos e programas así como todo o preciso para

asegurar o éxito na súa implantación. Para garantir o éxito do proceso de planificación no eido universitario, cómpre que o compromiso e a implicación no proceso de toda a comunidade implicada sexa claro e indubidable..


En consecuencia a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física quere sumarse a esta liña de acción emprendida xa pola universidade e plantexarse como obxectivo plasmar nun documento os aspectos máis relevantes da súa planificación estratéxica. O esforzo que supón a elaboración deste plano obríganos a ter presente unha serie de requisitos imprescindibles para o éxito deste modelo:

- Involucrar ao máximo a tódolos estamentos do Centro: profesores, estudantes e PAS
- Partir do plano estratéxico da Universidade de A Coruña, en proceso de aprobación, como referente para a construción do noso propio plano estratéxico
- Utilizar como base da súa construción os planos de mellora aprobados pola Xunta do centro como resultados dos procesos de avaliación realizados no centro
- Reflexar neste documento as características do plano estratéxico e as consecuencias que se xeneran da súa aplicación

No intento de que este proceso de planificación se axuste ó máximo posible ás necesidades da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física o proceso seguido pódese resumir nos seguintes pasos:

Comenzamos pola declaración das razóns e motivos polos que nace esta facultade e que garante a súa continuidade, é dicir, a súa *misión, visión e valores*. A partir de aquí cómpre analizar con detalle o contorno *-análise externa-* e o interior da organización en relación ao contorno *-análise interna-* para detectar puntos fortes, puntos febles, oportunidades e ameazas. Isto achegará un diagnóstico estratéxico e a elaboración duns eixos estratéxicos a partir do cal a institución poderá definir unha pirámide de obxectivos xerais, tácticos e operacionais. É neste punto, cando cómpre a formulación dos obxectivos formulados nun contorno definido a través do establecemento do cadro de mando é dicir reflexar os planos de actuación para a súa consecución. Este proceso vai permitir identificar as actuacións prioritarias así como os indicadores para a súa consecución, os recursos dispoñibles e os responsables da súa consecución.

O seguinte esquema resume os principais pasos a levar a cabo neste proceso:



## **METODOLOXIA PROPOSTA:**

No seguinte cadro especificanse as diferentes fases, así como o calendario, levados a cabo para a súa elaboración

CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO: A COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE	Marzo do 2007
APROBACIÓN DA METODOLOXÍA PROPOSTA	Marzo do 2007
ESTABLECEMENTO DA MISIÓN E A VISION	Abril do 2007
ESTABLECEMENTO DOS EIXOS ESTRATÉXICOS	Abril do 2007
ANÁLISE DAFO	Maio do 2007
CADRO DE MANDO	Maio do 2007
APROBACIÓN NA XUNTA DE CENTRO	Xuño do 2007

# **1. MISIÓN, CULTURA, VALORES E VISION DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA**

## **1.1.- MISIÓN.**

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña é unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión de cultura e o coñecemento científico e tecnolóxico a través do desenvolvemento da investigación e da docencia no ámbito da educación física e da actividade física en xeral.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña é un centro encargado da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención do título de Licenciado en Ciencias da Activade Física e do deporte , con carácter oficial e validez en todo o territorio español

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade no marco da Universidade de A Coruña, orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados no campo da actividade física e do deporte.

Forma parte da misión da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento no ámbito da actividade física e do deporte orientadas ao ben común.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña manifestan explicitamente o seu compromiso co estudo e desenvolvemento integral de Galicia, singularmente da súa identidade deportiva, cultural e lingüística, e asemade promoverá a súa plena integración no espazo europeo de ensino superior e a proxección en América Latina.

Consonte o artigo 11 dos Estatutos da UDC, son funcións das facultades

- a. Elaborar a proposta dos planos de estudo das ensinanzas que se imparten nelas.
- b. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
- c. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos neles, sen prexuízo do mantemento, por parte da universidade, de arquivos centralizados.
- d. Expedir as certificacións solicitadas polos estudantes do centro.
- e. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.

- f. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
- g. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
- h. Calquera outra que lles atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

### **1.1.1-Cultura:**

É desexo da comunidade e fomentar e manter os seguintes principios en canto centro emisor e receptor de cultura que se enumeran:

- A defensa dos principios que constitúen a base do sistema democrático.
- O respecto ás normas que faciliten a convivencia no centro, ao tempo que a consecución dos obxectivos personais e académicos.
- A docencia e a investigación como unha actividade educativa.
- O recoñecemento dos esforzos realizados polos seus membros no logro de excelencia, innovación e traballo en equipo.
- O construír e difundir coñecemento entre os diversos axentes sociais.
- A participación nas medidas que potencien a conexión dos ámbitos educativos e deportivos con outros ámbitos da cultura e sociedade galega.
- A difusión de todas as actividades realizadas ao conxunto da sociedade.
- A potenciación de estilos de traballo que favorezan a coordinación de persoas, equipos e medios para a consecución de obxectivos.
- A promoción e a participación de todos os seus compoñentes, dentro dos principios apuntados de responsabilidade e máxima participación, na toma de decisións que afectan á institución.
- A promoción dun estilo interno de comunicación que potencie o debate sosegado e constructivo entre todos os seus membros.
- A promoción de boas prácticas profesionais cón obxectivo de facilitar o ben público.
- A promoción da institución como axente de transformación social.
- A promoción de hábitos e estilos de vida saudables no dobre sentido de consideralo como noso centro de traballo, ao tempo que é unha exigencia propia de nosa actividade educativa.
- A concienciación e compromiso de todos na necesidade de manter o material e instalacións.
- A promoción do uso de novas tecnoloxías e da formación a distancia.
- O compromiso cón medio ambiente nas prácticas físico-deportivas, abogando por un desenvolvemento sostible
- A implicación ao máximo nos procesos de ensinanza/aprendizaxe.
- A potenciación da participación dos estudantes en especial respecto ás asociacións de estudantes.
- A organización do contacto permanente cos egresados potenciando os mecanismos necesarios.

### **1.1.2-Valores:**

Neste ámbito a institución está comprometida con:

- A promoción e defensa dos valores que encarnan unha sociedade humanizada e favorecedora do desenvolvemento persoal e social: liberdade, paz, solidariedade e xustiza social.
- A crítica razoada, responsabilidade compartida e o debido respecto a todas as persoas.
- A defensa dos principios que inspiran a natureza e fins da universidade como servizo público.
- A vocación social, comprometida coa defensa do principio de igualdade de oportunidades e có fomento do progreso do conxunto da sociedade.
- A defensa da persoa como base da sociedade e das súas institucións.
- As actuacións persoais e profesionais orientadas baixo os principios éticos e deontolóxicos que para a docencia e investigación teña a Institución e a Universidade de A Coruña.
- A promoción do equilibrio na produción do coñecemento técnico, artístico, metodolóxico e científico.
- O recoñecemento dos valores positivos propios do deporte no ámbito do rendimento.
- A participación dos alumnos nas actividades docentes e de investigación que se fará cumprindo os principios éticos adoptados: igualdade, méritos, capacidade e publicidade
- A potenciación da conexión entre a docencia e a investigación, de modo que as actividades académicas beneficiense dos avances en novas tecnoloxías.
- A potenciación da progresiva autonomía dos alumnos en todo os procesos e ámbitos da súa formación.
- O fomento da colaboración entre os docentes, facilitando o seu traballo, formación permanente e calidade profesional.
- O fomento da colaboración entre o persoal da administración e servizos, facilitando o seu traballo, formación permanente e calidade profesional.

### **1.2.- VISIÓN.**

Como institución pública de ensinanza universitaria, as súas accións orientaranse ó cumprimento daquelas metas que caracterizan á mesma: universalidade, creación e difusión do coñecemento partindo das demandas e posibilidades do seu entorno buscando o nivel de excelencia.

Son metas:

- Definirse como unha institución educativa de calidade arraigada na sociedade e comprometida có desenvolvemento de Galicia, a través da docencia e da investigación.
- Considerar a institución como un proxecto común no que participan todo os seus integrantes: profesores, estudantes e persoal de administración e servizos.
- Propugnarse como un centro de referencia no ámbito da educación física, a actividade física e o deporte.
- Comprometerse có desenvolvemento de Galicia mediante os correspondentes convenios e acordos.
- Inspirarse na non discriminación por mor de sexo, idade, tendencia política ou relixiosa, orixe étnico ou discapacidade ou calquera outro argumento.
- Erixirse en creador de cultura, de pensamento e innovación en todas as áreas relacionadas coa educación física, a actividade física e o deporte.
- Exercer, ademais de centro de formación inicial, como Institución para a formación de técnicos deportivos, de postgraduación e doutorandos.
- Conseguir unha formación integral e de calidade para os seus estudantes potenciando:
  - A participación activa dos mesmos no seu proceso formativo, no só en termos científico-técnicos, senón tamén atendendo ó desenvolvemento da persoa.
  - A orientación hacia a demanda social e o mercado laboral.
  - A excelencia dos servizos ofertados.
- Potenciar o compromiso do profesorado coa calidade da docencia a través, entoutros procedementos, de:
  - O desenvolvemento e a transferencia de investigacións propias para incrementar as competencias profesionais dos seus alumnos.
  - A formación permanente incidindo na vertente pedagóxica e a actualización tecnolóxica.
  - A máxima integración nos obxectivos e na xestión dos órganos colexiados da institución.
- Potenciar os procesos avaliadores máis idóneos para as diversas facetas docentes, investigadoras e do funcionamento institucional.
- Orientarse hacia unha decidida defensa dos valores e necesidades propias da sociedade e a cultura galega.
- Promocionar o uso do idioma galego utilizándoo en todo os documentos emanados dos órganos de goberno do centro.
- Manter e promocionar a difusión, colaboración e investigación conxunta coas institucións educativas e investigadoras dos países xeográfica e culturalmente máis cercanos.
- Potenciar a axuda e o intercambio con institucións educativas de países en especiais dificultades.
- Promover as condicións que faciliten o desenvolvemento da investigación e os formatos docentes máis axustados ás exigencias da sociedade.

- Fomentar, como un campo de investigación básico, o desenvolvemento epistemolóxico das disciplinas relacionadas coa educación física, a actividade física e o deporte.
- Promover, como un campo de investigación aplicado, o desenvolvemento de metodoloxías propias da Educación física, a actividade física e o deporte.

## **2.- LIÑAS ESTRATÉXICAS**

Antes de formular os obxectivos xerais en que necesariamente deberá concretarse a finalidade, o modelo e os principios é necesaria a identificación duns eixos que, forzosamente, estruturarán o plano estratéxico da Facultade de Ciencias do deporte e da Actividade Física .Para iso imos ter en conta os documentos publicados pola ACSUC sobre o establecemento dun sistema de garantías de calidade de títulos universitarios nos que se define a estrutura do modelo de acreditación que necesariamente terá que seguir a nosa titulación, e por conseguinte o centro, para acceder á mesma.

En tal sentido, propoñemos que tanto a análise interna como externa se vertebren arredor das seguintes liñas estratéxicas

- Planificación e desenvolvemento do ensino
- Servizos de apoio ao estudante
- Recursos de apoio o ensino
- Resultados
- Recursos de apoio á investigación
- Recursos de xestión e PAS
- Relacións coa sociedade
- Garantía de calidade

### **3.- ANÁLISE INTERNA/ ANÁLISE EXTERNA:**

#### **3.1- ANÁLISE INTERNA:**

O obxectivo da análise interna é poñer de manifesto as principais fortalezas e debilidades da organización.

Coa intención de facilitar o diagnóstico da evolución da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte nos últimos anos e na actualidade acordamos focalizar a análise nos seguintes eixos estratéxicos :

- Planificación e desenvolvemento do ensino
- Recursos de apoio ao ensino e ao estudante
- Resultados
- Recursos de apoio á investigación
- Recursos de xestión e PAS
- Relacións coa sociedade
- Infraestructuras
- Garantía de calidade

Para levar a cabo esta análise utilizamos, entre outras fontes de información, a *Guía de avaliación da titulación, integrada no II Plano de calidade das universidades* que se fixo no centro, de xaneiro a xuño de 2002. que nos permite acceder a información de relevancia de cara a analizar fortalezas e debilidades da facultade y os documentos aprobados en xunta de centro a raíz de dita avaliación que son :

- “Documento número 1 de medidas básicas para a mellora da calidade docente” (decembro 2003)
- “Documento nº 2 de acción extraordinarias para a mellora da calidade docente” ( 2004)
- “Documento nº 3 sobre medidas de mellora da calidade docente” (2005)
- “A avaliación do desenvolvemento e calidade do título de ciencias da actividade física e do deporte” (abril 2006)

O proceso de reflexión sobre estes aspectos levounos a destacar as características internas da facultade e do seu contorno máis próximo.

#### **3.1.1. Fortalezas e debilidades**

#### **A).- FORTALEZAS NA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO**

<b>F1</b>	A actividade docente da facultade, en primeiro e segundo ciclo, concéntrase na súa totalidade, na única titulación que se imparte no centro, esto e, a Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
<b>F2</b>	E unha titulación con capacidade de atracción de estudantes e máis demanda que oferta de prazas
<b>F3</b>	Existe un documento oficial e público onde aparecen os obxectivos xerais do plano de estudos, definindo os coñecementos, aptitudes e destrezas
<b>F4</b>	Existen precedentes de admisión de estudantes baseados nunha política explícita da institución
<b>F5</b>	Os criterios e procedementos de admisión son públicos
<b>F6</b>	Facilidades de coordinación: centro / departamento ao pertencer o 95% de profesores ao departamento.
<b>F7</b>	Homoxeneidade ao existir unha única área de coñecemento no departamento.
<b>F8</b>	Existen documentos aprobados na Xunta de Facultade que permiten planificar o desenvolvemento do plano de estudos e dos recursos materiais e humanos necesarios
<b>F9</b>	Os programas son documentos aprobados o comezo de cada curso académico polo órgano colegiado competente (o Departamento), que están facilmente a disposición dos alumnos, e que son públicos ao comezar o curso.
<b>F10</b>	Os programas das materias recollen os elementos identificativos do ensino e da materia e axustanse ao perfil da titulación e ao contido das materias.
<b>F11</b>	Interese do profesorado por adaptarse ao EEES poñéndose en marcha no curso académico 2005/2006 unha experiencia piloto cos alumnos de 1º curso e que se estende ao 50% das materias que compoñen o plano de estudos
<b>F12</b>	Existe un sistema de revisión das calificacións ben coñecido polos alumnos e utilizado en caso de discrepancia co profesor
<b>F13</b>	Amplia oferta de materias optativas e de libre elección
<b>F14</b>	Amplia oferta de seminarios que complementan os déficits detectados nas materias que integran o plano de estudos
<b>F15</b>	Dende fai tres anos existe a figura de coordinador de calidade e harmonización europea e unha comisión de garantía de calidade que se reúne regularmente
<b>F16</b>	Existe unha comisión de mobilidade que facilita e establece os procedementos para facilitar a mobilidade a estudantes e profesores
<b>F17</b>	A materia practicum ten unha organización de persoal que garantiza a planificación e seguemento das prácticas dos alumnos en empresas
<b>F18</b>	Non se reciben queixas dos alumnos polo desenvolvemento dos programas das materias salvo en casos moi puntuais
<b>F19</b>	Existen actuacións que orientan aos estudantes de novo ingreso ou procedentes doutros centros
<b>F20</b>	Infórmase aos alumnos sobre os itinerarios curriculares e as accións de

	movibilidade
<b>F21</b>	Organízanse dende hai dous cursos académicos actividades dirixidas aos alumnos de 2º ciclo sobre inserción laboral
<b>F22</b>	Adecuada plantilla do PDI en canto a número e cualificación, estando o 90% do profesorado a adicación total
<b>F23</b>	Grande número de profesores están integrados nos contratos-programa para profesores ofertados pola UDC, e varios deles constituíronse en Grupos Departamentais de Calidade motivados pola innovación docente e preocupados pola produción científica.
<b>F24</b>	Neste curso académico adminístrouse os alumnos da licenciatura unha enquisa na que se valoran todos os aspectos
<b>F25</b>	Alta participación do profesorado nos órganos de xestión da titulación.
<b>F26</b>	Dispoñibilidade da maioría do profesorado para a atención do alumnado dentro e fóra do horario de titorías.
<b>F27</b>	Hai un elevado número de materias que teñen una taxa de éxito do 100%.
<b>F28</b>	A nosa titulación ten unha taxa de abandono baixa e parece deberse máis ao descoñecemento das características da titulación que á dificultade dos estudos.
<b>F29</b>	As materias optativas presentan valores superiores á media no que se refire á porcentaxe de alumnos aprobados.
<b>F30</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Alta taxa de estudantes procedentes de programas de movibilidade con orixenes moi diversos</li> </ul>
<b>F31</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Na comparación coas universidades de referencia que imparten a mesma titulación a nosa facultade sitúase xeralmente entre as cinco primeiras</li> </ul>

## **B).- DEBILIDADES NA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO :**

<b>D1</b>	Os obxectivos nos están axeitados aos descritores de Dublín
<b>D2</b>	Necesidade de elaborar unha guía para o alumno de novo ingreso que recolla os obxectivos, competencias, normativa básica da facultade e desenvolvemento do plan de estudos
<b>D3</b>	Elaborar unha guía para os alumnos de movibilidade que conteña a información precisa que cubra as necesidades deste tipo de alumnos
<b>D4</b>	Posta en marcha do programa de titorización persoal
<b>D5</b>	Se tarda en ter os datos reais da matrícula en cada materia o que ocasiona problemas de organización, especialmente nas clases prácticas
<b>D5</b>	Planificación docente heteroxénea, moi especializada e complexa con grande variedade de materias optativas e algúns profesores con excesiva carga docente.
<b>D6</b>	Falta de coordinación interna para a organización de contidos docentes, programas e traballos para realizar.
<b>D7</b>	Ausencia de canles que favorezan a coordinación dos profesores dun mesmo curso ou ciclo, o que produce solapamento de contidos entre diversas materias.
<b>D8</b>	Detéctase un número pequeno de optativas en 3 das 4 áreas (docencia,

	xestión e actividade física e saúde) e falta representatividade dos ámbitos laborais máis novidosos.
<b>D9</b>	Moi poucos alumnos cursan os IECS.
<b>D10</b>	Moi poucos alumnos cursan a libre configuración noutras facultades ou centros da Universidade de A Coruña.
<b>D11</b>	O alumnado considera excesivo o número de traballos que ten que realizar.
<b>D12</b>	Detéctase a inexistencia de actividades complementarias adicadas á formación do estudante en técnicas de estudo, procura de emprego, coñecementos empresariais etc.
<b>D13</b>	A taxa de graduación indícanos que non chega a unha cuarta parte dos alumnos que inician esta titulación os que rematan os seus estudos no tempo establecido para iso.
<b>D14</b>	A taxa de abandono está aumentando lixeiramente nos últimos anos.
<b>D15</b>	Só un 25% das materias teñen unha alta taxa (81-100%) de alumnado aprobado na 1ª convocatoria.
<b>D16</b>	A taxa de rendemento é superior á taxa de éxito, é dicir, o noso alumnado necesita utilizar máis dunha convocatoria para aprobar a maior parte das materias.
<b>D17</b>	Descoñecemos as razóns que motivan a baixa taxa de alumnado presentado e as baixas taxas de éxito e rendemento.
<b>D18</b>	Baixo aproveitamento dos programas de tutorización, incluso nas asignaturas adaptadas ós ECTS
<b>D19</b>	Pouco control dos indicadores de rendemento na docencia
<b>D20</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aunque existen mecanismos de mobilidade do estudiantado e do profesorado son pouco utilizados</li> </ul>

**C).- FORTALEZAS NOS RECURSOS DE APOIO AO ENSINO E O ESTUDANTE:**

<b>F32</b>	Persoal académico moi cualificado e con adicación completa no 98%
<b>F33</b>	Os criterios do POD atenden prioritariamente a criterios baseados na calidade docente.
<b>F34</b>	O 80 % do profesorado posúe o grao de doutor, e o 20% restante polo menos a cuarta parte deles presentará a súa tese a trámite nos anos 2007-2008.
<b>F35</b>	O 95% do profesorado total do departamento é funcionario.
<b>F36</b>	A asignación docente faise en función da formación especializada de cada profesor
<b>F37</b>	Alto grao de compromiso e de responsabilidade nas tarefas docentes do profesorado.
<b>F38</b>	Grande número de profesores están integrados nos contratos-programa para profesores ofertados pola UDC, e varios deles constituíronse en grupos departamentais de calidade.
<b>F39</b>	Cadro de persoal docente cualificado e motivado en innovación docente e produción científica.
<b>F40</b>	O centro dispón de aulas prácticas onde impartir contidos específicos das materias que o necesiten
<b>F41</b>	O centro dispón do material para impartir contidos específicos das materias que o necesiten
<b>F42</b>	O centro dispón de instalacións deportivas e aulas axeitadas a organización actual da docencia
<b>F43</b>	O centro dispón de material deportivo para impartir a docencia
<b>F44</b>	Todas as aulas están dotadas de material audiovisual
<b>F45</b>	Existencia dun curso “cero” de acollida os estudantes de novo ingreso
<b>F46</b>	O centro dispón dunha biblioteca con amplios recursos bibliográficos específicos, máis de 1300 libros e 450 revistas específicas.
<b>F47</b>	O centro ten un servizo de cafetería e comedor a disposición dos alumnos e cunha ampla demanda da súa parte
<b>F48</b>	O centro dispon dun servizo de audiovisuais a disposición do profesorado e dos alumnos
<b>F49</b>	No propio centro existe un servizo de reprografía
<b>F50</b>	Páxina web da facultade
<b>F51</b>	Regulación do uso do material docente e investigador
<b>F52</b>	Realízanse todos os anos xornadas de orientación profesional
<b>F53</b>	Organizáronse cursos de inglés para profesores e alumnos nas aulas da facultade
<b>F54</b>	Mediante acordos existe no centro atención aos alumnos dun fisioterapeuta para a recuperación de lesións
<b>F55</b>	Existencia dun plano de actuacións de apoio aos deportistas de élite

**D).- DEBILIDADES NOS RECURSOS DE APOIO AO ENSINO E AO ESTUDANTE:**

<b>D20</b>	Falta un plano de actuacións dirixidas aos alumnos lesionados
<b>D21</b>	Baixo aproveitamento dos programas de tutorización, incluso nas materias adaptadas aos ECTS
<b>D22</b>	Aínda que está programado non se levou acabo todavía o “plano de tutorización individualizado”
<b>D23</b>	Inadecuación das aulas para a nova estrutura xerada polo EEES
<b>D24</b>	A normativa de utilización de aulas prácticas aprobada en xunta de facultade non e respetada polo profesorado e estas aulas non están sendo utilizadas
<b>D25</b>	Escaso espazo na biblioteca para o uso como sala de lectura
<b>D26</b>	Escaso espazo na secretaría do centro para o arquivo da documentación
<b>D27</b>	Algúns despachos de profesores están indebidamente acondicionados
<b>D28</b>	Falta do bonobus para o Campus do Oleiros
<b>D29</b>	Poucas comunicacións coas outras facultades do campus
<b>D30</b>	Nivel de aplicación das novas tecnoloxías por debaixo das restantes facultades das universidades (banda ancha, wifi,...)
<b>D31</b>	Aula net insuficiente para o número de alumnos
<b>D32</b>	Baixa implantación do uso do galego na facultade
<b>D33</b>	Fracaso no intento de formación en idiomas do profesorado e do alumnado

## E) FORTALEZAS RESULTADOS

<b>F56</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non hai datos confirmados pero a distribución do plano do 2000 en 5 anos podería elevar a taxa de graduación e diminuír a de atraso.</li></ul>
<b>F57</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A nosa titulación ten unha taxa de abandono baixa e parece deberse máis ao descoñecemento das características da titulación que á dificultade dos estudos.</li></ul>
<b>F58</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• As materias optativas presentan valores superiores á media no que se refire á porcentaxe de alumnos aprobados.</li></ul>
<b>F59</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Hai un elevado número de materias que teñen una taxa de éxito do 100%.</li></ul>
<b>F60</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Existen procedementos para recabar a opinión do estudante sobre os resultados do programa formativo aínda que todavía e un proceso non sistematizada no que hai que profundizar</li></ul>

## F).- DEBILIDADES RESULTADOS:

<b>D34</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A taxa de graduación indícanos que non chega a unha cuarta parte dos alumnos que inician esta titulación os que rematan os seus estudos no tempo establecido para iso.</li></ul>
<b>D35</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A taxa de abandono está aumentando lixeiramente nos últimos anos.</li></ul>
<b>D36</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Só un 25% das materias teñen unha alta taxa (81-100%) de alumnado aprobado na 1ª convocatoria.</li></ul>
<b>D37</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A taxa de rendemento é superior á taxa de éxito, é dicir, o noso alumnado necesita utilizar máis dunha convocatoria para aprobar a maior parte das materias.</li></ul>
<b>D38</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Descoñecemos as razóns que motivan a baixa taxa de alumnado presentado e as baixas taxas de éxito e rendemento.</li></ul>
<b>D39</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Pouco control dos indicadores de rendemento na docencia</li></ul>
<b>D39</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Existen procedementos para recabar a opinión do estudante sobre os resultados do programa formativo aínda que todavía e un proceso non sistematizada no que hai que profundizar</li></ul>
<b>D40</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non existen procedementos para recabar información do persoal académico e de servizos sobre a súa satisfacción</li></ul>
<b>D41</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non existen procedementos para recabar información dos egresados e dos empregadores sobre os resultados do programa formativo</li></ul>
<b>D42</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non existen procedementos de consulta periódica sobre a inserción laboral dos titulados</li></ul>

### G).- FORTALEZAS RECURSOS DE APOIO A INVESTIGACIÓN:

<b>F61</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Profesorado moi cualificado e cun grande potencial investigador. Unha alta porcentaxe do profesorado participa asiduamente en congresos de repercusión nacional e internacional.</li></ul>
<b>F62</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Producción científica por riba da media da UDC.</li></ul>
<b>F63</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 18 grupos de investigación consolidados no departamento dos que un cumpre os requisitos da Universidade de A Coruña e tres están rexistrados como grupo de investigación no citado catálogo.</li></ul>
